

Educación Infantil

Día das letras galegas 2012

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade»**

M.^a del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Armando Xosé Herrero Mayor
Rosa M.^a Andrés Losada
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

**Seminario de Formación
«Material didáctico sobre V. Paz Andrade»**

María Barca Gómez
Xulio Gallego Revaldería
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade na rede»**

Marta Barca Gómez
María Fernández de Sanmamed Maneiro
Francisco Guitián Valeiro
Isabel Hortas González
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Isabel M.^a Miguélez Pose

Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Alfredo Brañas, de Paiosaco-A Laracha
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende-Arteixo
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre
EEI de Dimo, de Catoira

Á Real Academia Galega, á Fundación Penzol, de Vigo, a Antonio Palla e a todos os que contribúen, anónima e desinteresadamente a publicación destas actividades, grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>



OLA! SON **NOVA** E PRESENTOVOS A VALENTÍN PAZ ANDRADE
A QUEN ADICAMOS ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.



VALENTÍN


PAZ

ANDRADE

REPASA OS NOMES DE NOVA E VALENTÍN. COLOREA, PICA AS ESCAMAS DE NOVA E PEGA UN PAPEL PRATEADO POR DETRÁS.



VALENTÍN PAZ ANDRADE NACE EN LÉREZ NO ANO 1899. LÉREZ ESTÁ EN PONTEVEDRA E DÁLLE NOME AO RÍO QUE PASA POLA CIDADE. VALENTÍN FIXO O BACHARELATO EN PONTEVEDRA. CANDO FOI MAIOR MARCHOU A SANTIAGO E ESTUDOU PARA AVOGADO.



A CORUÑA

LUGO

OURENSE

PONTEVEDRA

SANTIAGO

RECORTA OS NOMES DE CADA UNHA DAS PROVINCIAS GALEGAS E DE SANTIAGO E PÉGAOS ONDE CORRESPONDA. REMARCA DE AZUL O RÍO LÉREZ.



EN SANTIAGO CONEÇEU A MOITOS INTELECTUAIS, ENTRE ELES A CASTELAO. ADICOU LLE O SEU PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS: «PRANTO MATRICIAL».



LOIS PEREIRO

Caricatura de Xulio Gallego



ALFONSO R. CASTELAO

Caricatura de Siro

UNE O LIBRO DE VALENTÍN CO ESCRITOR AO QUE ESTÁ ADICADO. COLOREA



TAMÉN ESCRIBIU EN XORNAIS, REVISTAS E PUBLICOU VARIOS LIBROS ENTRE OS QUE SE ENCONTRAN POEMARIOS COMO «SEMENTEIRA DO VENTO» E ESTE QUE TES QUE COMPOÑER: «CEN CHAVES DE SOMBRA».




RECORTA AS PEZAS QUE COMPOÑEN A PORTADA DE «CEN CHAVES DE SOMBRA» E PÉGAAS NO SEU LUGAR.



A VALENTÍN GUSTÁBALLE MOITO O MAR E A PESCA, O QUE FIXO QUE FUNDA-
SE EN GALIZA A PRIMEIRA E MÁIS IMPORTANTE EMPRESA PESQUEIRA DE TODA
EUROPA.




TOMATES



AMEIXAS



MEXILLÓN



SARDIÑAS




CERVEXA



OLIVAS NEGRAS



ANCHOAS





OLIVAS VERDES

COLOREA OS PRODUCTOS QUE CHE PARECE QUE PODEN VENDER NUNHA EMPRESA CONSERVEIRA DE PESCADO.



VALENTÍN TRABALLOU, DURANTE ALGÚN TEMPO, NA FAO; UNHA ORGANIZACIÓN QUE SE OCUPA DO CONTROL DA PESCA NO MUNDO.



CONTA, ANOTA E COLOREA.




ESCRIBIU SOBRE DIFERENTES ACTIVIDADES ÁS QUE SE ADICABAN OS GALEGOS E GALEGAS DA ÉPOCA. ESTE POEMA TRATA DO OFICIO DE PASTOR.

A FLAUTA DO BERNARDINO

Ao monte van as ovellas
de cabalo do mencer,
Bernardino vai con elas.

A flauta de Bernardino
ciscou un solo no ar,
pastorileira de trino.

A fame a flor de fociño
furga o verde pan na neve,
cada boca seu foliño



CANTAS OVELLAS QUEDARON FÓRA?

AXUDA A BERNARDINO A RECOLLER AS SÚAS OVELLAS. FAINO DE 3 EN 3, CONTESTA Á PREGUNTA E COLOREA ÁS QUE MIRAN CARA Á DEREITA.




IGUAL QUE NESTE POEMA DE VALENTÍN, OS LOBOS APARECEN EN MOITOS CONTOS INFANTÍS.

AS BRUXAS DE VOZQUEIMADO

As bruxas de Vozqueimado
deixan as vasoiras fóra,
para tornar enmeigado
ao que camiña a deshora.

Lobo na sombra enfoulado
que cando aos bultos oubeas
pos o silencio esgazado,
feito farrapos de tea.



CONTOS SEN LOBO

CONTOS CON LOBO




BUSCA ENTRE ESTES CONTOS EN CALES APARECE O LOBO. RECORTA E PEGA CADA PORTADA ONDE CORRESPONDA.



ESCRIBIU MOITOS POEMAS ADICADOS AO MAR E Á PESCA. ESTA CANTIGA DE SAMIL É UN DELES.

AS VELAS, FLOR DE NAVÍO,
AS GAIVOTAS, FLOR DOAR,
DERRAMA PÉTALOS BRANCOS
NO AZUL XARDÍN DO MAR.



DESPOIS DE ESCOITAR O POEMA, COLOREA O DEBUXO TENDO EN CONTA O QUE ESCRIBIU VALENTÍN.




NO SEU LIBRO «CEN CHAVES DE SOMBRA» PODEMOS ATOPAR OUTRO DOS SEUS POEMAS.

CANTARELADO CAMIÑANTE

Deixo moza no lugar
deixo a miña nai soíña,
quedan pra min a fiar
amor e lán na cociña.

Levo pan para o camiño,
levo caxata na man,
e beberei fresco viño
no regato de Chavián.

▶ ONDE QUEDAN A NAI E A MOZA DO CAMIÑANTE? —



NA CASA



NA COCIÑA



NO PRADO

▶ QUE VAI COMER? —



PAN



OVOS



PEIXE

▶ QUE LEVA NAS MANS? —



GAITA



FRAUTA



CAXATA

▶ QUE VAI BEBER? —



VIÑO



LEITE




AUGA

ARRODEA AS RESPOSTAS VERDADEIRAS.



TODOS OS ANOS, EN GALICIA, O 17 DE MAIO CELÉBRASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.



**17 DE MAIO
2012**



**DÍA DAS
LETRAS GALEGAS**



**VALENTÍN
PAZ ANDRADE**

PICA A FOTO E O NOME DE VALENTÍN E PÉGAO NA BANDEIRA. COLOREA, RECÓRTAA E MÓNTAA SOBRE UN PAU.

O MÓBIL DE VALENTÍN



COLOREA, RECORTA, PEGA AS ONDAS SOBRE O BARCO E MONTA O PEIXE, A ESTRELA E O POLBO.